

**PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA  
lingua galega  
CURSO 2017-18**

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

## **2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE**

## **3. A METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA MATERIA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS**

## **4. APLICACIÓN DO PROXECTO TIC NA MATERIA DE L. GALEGA**

- As TIC na educación
- A importancia das TIC na aprendizaxe da lingua galega
- Obxectivos do proxecto TIC

## **5. APLICACIÓN DO PROXECTO LECTOR NA MATERIA DE L. GALEGA**

- Obxectivos específicos do PL na materia de L. Galega
- Actividades propostas polo Departamento de L. Galega
- Metodoloxía para a posta en práctica do Proxecto Lector
- Temporalización das prácticas de fomento da lingua galega
- Avaliación do PL

## **6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE L. GALEGA Á EDUCACIÓN EN VALORES**

## **7. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA AO PLANO DE CONVIVENCIA**

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

## **9. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

## **10. AVALIACIÓN**

- Instrumentos e procedementos de avaliación
- Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

## **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA O CURSO**

## **12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

**13. OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN SECUNDARIA**

**14. OBXECTIVOS CURRICULARES DE BACHARELATO**

**15. A ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**16. CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INDICADORES DE LOGRO**

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Lexislación á que se acolle a presente programación é a seguinte:

**LOMCE:** Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

**Currículo Básico:** Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato

**Currículo da ESO e o Bacharelato:** DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29 de xuño 2015).

**Decreto 79/2010,** do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Desde o Departamento de Lingua Galega temos que ter presente á hora de desenvolver a programación que o noso centro, o IES PUGA RAMÓN, conta cunha poboación escolar que ten como lingua inicial o castelán nunha elevadísima porcentaxe e poden ser excepcións os alumnos/as que teñan a lingua galega como lingua familiar. O alumnado que acode ao centro procede dunha contorna fortemente castelanizada e a lingua galega no seu ámbito diario sobrevive unicamente ligada á escola e á administración. Pertencen pois a contextos familiares monolingües en castelán con ausencia case total de familias monolingües en galego.

A esta realidade hai que engadirlle os fortes prexuízos que derivan deste contorno e que segundo o Mapa Sociolingüístico se acentúan considerablemente entre a xente nova, sen que o noso centro sexa en absoluto unha excepción.

Neste marco resulta difícil acadar os obxectivos, sobre todo os relativos á expresión oral en galego. É preciso mudar perspectivas e fomentar a reflexión sobre a cuestión lingüística. Para iso, desde o Departamento, debemos conseguir que o alumnado adopte unha actitude positiva cara á lingua galega, a identifique cunha lingua moderna plenamente axeitada para todos os ámbitos sociais, e asemade, cómpre establecer no alumnado lazos afectivos cara ela para así vencer os prexuízos instalados na sociedade e cos que conviven día a día.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE L. GALEGA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

**LOMCE:**

*“Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía”*

*Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo”.*

**As competencias clave mencionadas no currículo son as seguintes:**

- ✓ Comunicación lingüística (CCL).
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- ✓ Competencia dixital (CD).
- ✓ Aprender a aprender (CAA).
- ✓ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ✓ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- ✓ Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Polo tanto, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa.

No marco da LOMCE, que é referente legislativo para esta unidade, a educación lingüística e literaria é considerada un elemento fundamental para o desenvolvemento afectivo, intelectual e social do individuo. Estas competencias, aínda que han de ser tratadas en todas as materias do currículo, afectan de cheo ás materias lingüísticas, e no noso caso particular, á materia de Lingua Galega, con especial relevancia as CCL,CAA,CSC,CSIEE e CCEC e CD tal como se irá sinalando nos diferentes bloques de contidos

### 3. A METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA MATERIA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS

#### LOMCE:

*“Para os efectos deste decreto, entenderase por:*

*f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados”.*

*“É responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas”*

O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas diferentes situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convirtan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do profesorado a **adecuada selección da metodoloxía**, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

Propoñemos unha metodoloxía **activa** que resulte **atractiva** e **creativa** e que fomente a participación e a integración do alumnado no proceso de aprendizaxe; **coherente cos obxectivos** que nos propoñemos; **motivadora**, pois este factor é fundamental para acadar obxectivos. Dado que este último factor é decisivo no proceso da ensinanza, débense adecuar as metodoloxías e materiais ás características do alumnado, intentando usar material innovador e atractivo ás novas mentalidades. Integrar as TIC no traballo dos escolares implica que estes aprenderán que dous mundos, aparentemente incompatibles, o da tradición e o da modernidade, se enriquecen mutuamente.

Por outra parte, o **traballo en equipo** será un dos eixes básicos dentro de cada aula.

Asemade, a nosa intervención educativa asume como un dos principios básicos ter en conta os **diferentes ritmos de aprendizaxe**, e **os distintos graos de interese e motivación**.

### 4. APLICACIÓN DO PROXECTO TIC NA MATERIA DE LINGUA GALEGA

#### As TIC na educación

Algunhas das actividades levadas a cabo nos diferentes niveis, insírense no que se coñece co nome de TIC ou Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Por TIC entendemos as ferramentas audiovisuais, dixitais e informáticas que dan forma, rexistran, almacenan e difunden contidos da información.

Tamén no mundo educativo, o aumento imparable destas tecnoloxías incide de xeito significativo: facilitan a aprendizaxe, favorecen o desenvolvemento de habilidades, facilitan distintos xeitos e ritmos de aprendizaxe... Aquí interésanos dun xeito especial a súa repercusión na aprendizaxe da lingua galega. É preciso ter presente que estamos elaborando uns contidos para un alumnado que e constitúe a auténtica xeración dixital. Polo tanto, as actividades e o proceso de aprendizaxe deben orientarse por esta dirección. É tarefa do profesorado evitar que os alumnos/as sexan espectadores en vez de parte activa no proceso de aprendizaxe, sempre que o centro ofrezca esa dispoñibilidade. Polo tanto, temos o desafío de evitar ancorámonos no uso de recursos desfasados e obsoletos que non lle resulten familiares nin atractivos ao alumnado ao que nos diriximos.

É necesario orientar a metodoloxía contando con ferramentas que o centro ofrezca na medida que sexa posible, dado que non todas as aulas dispoñen de ordenadores nin de internet, así como de redes e equipos informáticos e tecnolóxicos.

### **A importancia das TIC na aprendizaxe da lingua galega**

A lingua galega, que ao longo da historia tivo un efecto estigmatizante como signo identitario dunha orixe rural, e que, aínda que en menor medida, perdura hoxe, precisa referentes de modernidade e de promoción social, máxime nun contorno urbano e nunha franxa de idade adolescente, que é o caso que nos ocupa, factores ambos que inciden nunha forte desgaleguización ou castelanización. É aquí onde as TIC xogan un papel fundamental ofrecendo soportes viventes no mundo actual pois as xeracións novas deben ver na súa lingua un instrumento válido de comunicación á altura dos tempos e non unha reliquia do pasado ou elemento de citacións ocasionais. Os instrumentos que empreguemos na aula de Lingua Galega han de ter a dupla finalidade de impartir coñecementos e asignar ao galego prestixio valorativo, promoción lingüística, e provocar no alumnado un cambio nos valores que subxacen na nosa sociedade asociándoo a ruralismo e atraso.

Pero, a pesar do avance tecnolóxico, a materia de Lingua Galega non ofrece a diversidade de material didáctico que ofrecen outras materias. Si existe, porén, a posibilidade de buscar información na web, que facilita o acceso a servizos e aplicacións (dicionarios, léxicos, tradutores, informacións de contidos etc.) e programas e ferramentas informáticas para elaborar actividades interactivas para a aula. Son os chamados **programas informáticos de produción**: ferramentas que posibilitan aos docentes o desenvolvemento de propostas didácticas. Unha grande parte das actividades desta unidade son interactivas e están elaboradas cos programas JCLIC e HOTPOTATOES, DREAM WEAVER e COMIC LIFE. O centro, e polo tanto o Departamento de Lingua Galega dispoñen dunha páxina web onde se poderá colgar actividades interactivas para o alumnado. Trátase de dotámonos destas ferramentas técnicas para ofrecer material motivador e atractivo que ha de ser compaxinado con material máis tradicional.

### **Obxectivos do Proxecto TIC**

- Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC.
- Familiarizar o profesorado co uso do ordenador como unha ferramenta máis no desenvolvemento do currículo.

- Facer do ordenador unha ferramenta de referencia tanto para a aprendizaxe da lingua como da literatura
- Converter os medios telemáticos (web) nunha vía de comunicación importante no desenvolvemento das clases na nosa materia.
- Potenciar o traballo en equipo xa que o uso das TIC axuda a favorecer as relacións interpersoais e a adoptar actitudes de cooperación entre os alumnos facilitando así a integración.
- Proporcionar aos alumnos a motivación axeitada para o desenvolvemento de competencias e capacidades, pasando de ser receptores pasivos de información a ser produtores activos do seu propio coñecemento.

## 5. APLICACIÓN DO PROXECTO LECTOR NA MATERIA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

### LOMCE

*Artigo 11. 7*

*Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.*

*Artigo 38. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.*

### Anexo V: Proxecto Lector do centro.

*Preténdese:*

*Formación de lectores/as competentes e a consolidación do hábito de lectura.*

*O desenvolvemento de hábitos favorables á lectura.*

Como xa mencionamos na introdución, unha competencia básica na educación secundaria é a competencia en comunicación lingüística, a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade e de organización do propio pensamento.

**A lectura implica unha serie variada de destrezas:**



- recoñecer a grafía dunha lingua
- deducir o significado e uso do léxico descoñecido
- comprender unha información implicitamente indicada
- comprender o valor comunicativo nas oración e enunciados
- comprender as relacións entre as partes dun texto a través do léxico
- interpretar o texto
- distinguir a idea principal do texto dos detalles que a apoian
- extraer os puntos sobresaíntes para sintetizar o texto ou unha idea
- transferir información a un diagrama ou esquema

En todas as unidades dos cursos da ESO aparece un apartado de lectura e en todas elas desenvolven a competencia lectora con diferentes fins.

Desde o Departamento de Lingua e Literatura concibimos o Proxecto Lector como un proxecto a desenvolver na materia de Lingua Galega que ten como obxectivo crear e fomentar o hábito lector considerando a lectura na súa triple vertente: como fonte de pracer, como instrumento de aprendizaxe e como recurso para o desenvolvemento persoal. O obxectivo da elaboración e desenvolvemento deste Proxecto é, pois, a creación de lectores/as competentes, entendendo como lectores/as competentes aqueles que aplican na lectura os seus coñecementos previos, que dirixen autonomamente o seu proceso lector, que distinguen o fundamental do accesorio, que procesan información en calquera soporte, que lle atribúen significado, constrúen textos e comunican resultados, que realizan inferencias e se preguntan sobre o lido, e que, finalmente, son quen de resumilo; en suma, que saben xestionar a súa lectura persoal e son capaces de convertela nunha actividade permanente.

O PL será, pois, o desenvolvemento e apoio a actuacións encamiñadas a potenciar as capacidades de lectoescritura en lingua galega do alumnado dos diferentes niveis. Desde o departamento, deseñaremos diversas actividades e estratexias que sirvan como desenvolvemento deste proxecto para a consecución dos obxectivos deseñados.

O acto de ler forma parte integradora do proceso de aprendizaxe e non ten significado se non está en conexión coa aprendizaxe das outras destrezas lingüísticas. Por iso a lectura non se debe concibir como un acto illado senón como unha peza máis no proceso de aprendizaxe. As actividades deseñadas para desenvolver o proxecto lector non poden quedar á marxe das TIC, dado que as tecnoloxías forman parte na actualidade do proceso de aprendizaxe, constitúen un elemento motivador e ademais atenden a unha integración curricular multidisciplinar dado que a aprendizaxe da lingua moitas veces farase en relación a contidos alleos á mesma.

### **Obxectivos específicos do PL na materia de Lingua Galega**

- Desenvolver hábitos lectores en lingua galega no alumnado tanto de Secundaria como de Bacharelato, a partir do fomento da lectura libre, recreativa e pracenteira.
- Desenvolver capacidades comunicativas dos estudantes para unha aprendizaxe continua.
- Desenvolver no alumnado a comprensión lectora que contribúa á súa formación integral.
- Desenvolver no alumnado a capacidade de expresión tanto oral como escrita en lingua galega.
- Fomentar a autonomía persoal do alumnado para afrontar dun xeito autónomo as tarefas intelectuais.
- Ensinarlle ao alumnado o manexo con espírito crítico das fontes de información.
- Integrar as actividades de comprensión lectora no traballo diario e no contexto da clase.

### **Actividades propostas para o Proxecto Lector desde o Departamento de L. Galega**

Das actividades propostas, o profesorado elixirá as convenientes en cada momento e iraaas desenvolvendo acordos coas necesidades ou posibilidades de cada grupo, tendo que conta que non sempre son factibles tanto por limitacións horarias e/ou de recursos:

- Creación de bibliotecas de aula, coas que se pretende integrar a actividade na programación da materia, non só para mellorar as destrezas lingüísticas do alumnado senón tamén para fomentar a lectura como xeito de achegarse á literatura. Dentro do posible intentarase que haxa variedade de libros para que o alumnado lea conforme aos seus gustos e ás súas posibilidades de comprensión lectora. Cos libros lidos o alumnado poderá traballar con materiais propostos acerca destes ou elaborar eles mesmos os seus propios materiais (encrucillados, cuestionarios, cómics, etc) que poden ser ferramenta de traballo para eles mesmos.
- Realización das lecturas que figuran na programación do Departamento con carácter obrigatorio. Realización de lecturas na aula de xeito periódico cunha frecuencia que considerará o profesorado, dependendo do nivel do alumnado e das circunstancias. As lecturas serán seleccionadas polo profesorado e deberán ser variadas e procedentes de diversas fontes: materiais auténticos (xornais, banda deseñadas, revistas, ...) e adaptados para o nivel do alumnado.
- Lecturas presenciais en voz alta de historias, contos, poemas, etc. , que pode ser o punto de partida para a posterior elaboración de gravacións orais e presentacións dixitalizadas con música, ilustracións, debuxos, ...
- Organización de encontros con escritores ou representantes do mundo cultural galego que lles propicien contactos coa lectura.
- Realización de entrevistas presenciais ou virtuais a escritores ou personaxes do mundo da cultura galega onde se aborde o tema da lectura.

- Realizacións de dramatizacións acerca de textos vistos en clases.
- Conversas, debates, tertulias, obradoiros, ... sobre lecturas de libros.
- Actividades de lectura en público.
- Lecturas poéticas en público.
- Actividades de contacontos.
- Realización ou colaboración con actividades de promoción, difusión e animación da lectura en datas significativas como o Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día da Poesía, Día das Bibliotecas, etc.
- Elaboración ou utilización de actividades nas que o obxectivo principal sexa a busca, selección e manexo de información a través da web para poder elaborar os traballos propostos con respecto a un tema tanto de carácter xeral como específico. Será indispensable neste caso, polo tanto o manexo dos recursos didácticos da Internet, tales como enciclopedias e dicionarios.
- Creación de historias a partir de diferentes técnicas individualmente ou en grupo: creación de historias a partir de palabras motivadoras (binomio fantástico); a partir de ilustracións suxestivas; de imaxes secuenciadas; a partir do planteamento “*que pasaría se...*”; de historias a partir de contos lidos de xeito incompleto, de contos ao revés; creación de contos colectivos; etc.
- Creación historias propias en forma de banda deseñada, etc, a partir de historias do mesmo formato traballadas en clase.

### **Metodoloxía para a posta en práctica do Proxecto Lector**

Na práctica da lectura adoptárase unha metodoloxía de secuenciación de lecturas en espiral, isto é, partírase de textos máis sinxelos e irase a unha progresión na proposta de textos máis esixentes e adaptados ao nivel de maduración dos lectores.

### **Temporalización das prácticas de fomento da lectura**

As actividades de fomento da lectura soamente resultan eficaces se son sistematizadas e integradas no currículo. Por iso cómpre unha dedicación real dun tempo diario para a lectura; a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura debe ser unha constante nas aulas de lingua.

É obvio que nunha na materia de lingua é literatura temos que recorrer á lectura en todas as clases ben como “instrumento” para desenvolver calquera actividade relacionada con ler, escribir, ou para poñer en práctica a mesma destreza da comprensión lectora.

### **Avaliación do Proxecto Lector**

Teranse en conta os índices de lectura; a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria; ser capaces de enfrontarse a textos cada vez máis complexos; a actitude diante da lectura como medio de aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvementos persoal.

## **6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE L. GALEGA Á EDUCACIÓN EN VALORES**

### **LOMCE:**

*“Elementos transversais*

*A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.*

*A programación docente debe abranger en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.*

*Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.”*

Todo programa que pretenda a educación en valores dos alumnos de secundaria, poderá fixarse en diferentes aspectos, como os que sinalan os temas transversais, pero en calquera caso, o seu obxectivo consistirá en formar persoas autónomas e dialogantes, que aprendan a pensar criticamente, desenvolver a súa sensibilidade e apliquen estas capacidades críticas e sentimentais á cooperación e participación social con exquisito respecto aos dereitos humanos. A aula facilita o contexto idóneo para poder compartir opinións, solucionar problemas, discutir, cumprir regras sociais, etc... Estas experiencias son a base para ir adquirindo uns valores, unhas habilidades para resolver problemas e unhas estratexias sociais.

Para un correcto tratamento dos temas transversais requírese ter en conta dous aspectos: os contidos, é dicir, o que se quere ensinar desde cada un deles, e o modo ou estratexias con que leven á aula.

A profesora actuará como impulsora de experiencias que permitan ao alumnado vivir os valores de responsabilidade, solidariedade, tolerancia e respecto, e que non actúe só como a autoridade responsable de manter a orde establecida. As actividades que se poden utilizar serán aquelas que requiren exercer as condutas que se pretenden lograr. Hai actividades enfocadas a promover a cooperación (traballo en grupo), a autoafirmación (exposición e debate de

opinións) Tamén fóra da aula se poden levar a cabo actividades nas que se implique o departamento de Lingua Galega. Resultaría adecuada e recomendable a organización de actividades que afecten o conxunto do centro, e mesmo que promovan a cooperación con outros centros. Así serían valiosas as seguintes actividades que se organicen con motivo de diversas conmemoracións relacionadas coa paz (**Día Escolar da Non-Violencia e da Paz, Día da Muller Traballadora, Día Contra a Violencia de Xénero, Día dos Dereitos Humanos**, etc...) pois son ocasións que permiten remarcar a importancia de certos contidos educativos. Todos os temas inclúen actividades que abordan os devanditos temas.

## **7. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE L. GALEGA AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Os centros educativos deben ser auténticas comunidades educativas nas que pais, nais e profesores/as se consideren e protagonistas dun mesmo proxecto. Desde a aula debemos entender a nosa realidade social. Dado que os conflitos forman parte da nosa sociedade, da nosa cidade, da nosa escola, da nosa vida, aprender a convivir cos demais, debe ser unha finalidade esencial da educación. Entre os obxectivos educativos na aula, máis aló do estrito campo do coñecemento deben figurar que o alumnado aprenda na escola a convivir, coñecendo mellor aos demais e creando un espírito novo que impulse a realización de proxectos comúns e a solución pacífica e intelixente dos conflitos.

Unha das cualidades máis importantes a adquirir ao longo da escolaridade obrigatoria é a de ser un bo cidadán/á, é dicir, a capacidade para exercer dereitos e deberes, aprendendo a respectar aos demais.

Desde a aula, débense proporcionar orientacións, estratexias e material para a posta en práctica da educación na convivencia e o desenvolvemento de habilidades sociais que faciliten a transición dos alumnos á vida adulta e a súa incorporación a unha formación superior ou ao mercado de traballo. Desta forma, desde o Departamento de Lingua Galega ofrecerase unha total colaboración coas actividades que se ofrezan desde o Plan de Convivencia do centro.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **LOMCE:**

*“É responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas”.*

*“No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse*

*en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o*

*proceso educativo”.*

Entre o alumnado existen diferenzas tanto referentes a capacidades, nivel de coñecementos, motivación e capacidade de traballo. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos segundo o ritmo de aprendizaxe do alumnado. Entendemos por axuda á diversidade o conxunto de medidas educativas planificadas para procurarlle ao alumnado contextos de aprendizaxe que favorezan ao máximo o proceso individual de adquisición dos coñecementos. Temos que sinalar, que ao contrario da crenza xeneralizada de que a atención á diversidade implica atención aos alumnos con dificultades de aprendizaxe, estas poden significar apoio a alumnos/a con necesidade de ampliación de coñecementos.

Estas necesidades educativas de certos alumnos/as demandan actuacións extraordinarias tanto de carácter curricular como organizativas. Referente ás actuacións de currículo hai que delimitar os obxectivos mínimos que se quere lograr co alumnado lles permitan continuar a aprendizaxe. Unha vez decididos, hai que ter en conta os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade: adaptar o material didáctico ao ritmo de aprendizaxe; variar a metodoloxía segundo as necesidades; propor actividades de aprendizaxe diferenciadas con distintos graos de dificultade; elaborar unha secuencia de contidos cunha progresión lenta e moi graduada ou máis rápida, segundo corresponda; empregar diferentes vías de información adaptada ás circunstancias do alumno/a (visual, auditiva); organizar grupos de traballo flexibles; ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e capacidades, etc.

Cómpre ter en conta que a formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diferentes etapas educativas, e a diferenza nos contidos non é tanta, o que realmente varía é a intensidade con que se traballan. Polo tanto o grao de exixencia nos contidos tamén é un xeito de atender á diversidade. O alumnado repetidor deberá seguir un programa específico con carácter personalizado que atenda ás necesidades individuais. Este alumnado será obxecto dun seguimento especial co fin de detectar as dificultades que puidesen amosar na materia.

Ao alumnado que, por razóns de enfermidade ou por outras causas excepcionais debidamente acreditadas, non poida asistir a clases terá a oportunidade de desenvolver os seus estudos, indicándolle material, establecendo un plan de traballo e levando a cabo un seguimento da súa evolución ao longo do curso.

O alumno/a, nos prazos que a profesora estipule, deberá realizar e entregar este traballo, que será material avaliable e computará como o 60 % da súa cualificación quedando o 40 % restante para o exame que deberá realizar. O profesorado establecerá o xeito de desenvolver o exame en función das circunstancias do alumno/a e facilitará a súa realización.

Desde o Departamento tamén se levarán a cabo as adaptacións curriculares que se consideren convenientes. Tamén o alumnado estranxeiro que se incorpore ao centro será obxecto de especial vixilancia e adoptaranse con el as medidas que se consideren necesarias e recollidas no Proxecto Lingüístico.

## 9. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Ao longo do presente curso 2017-18, posto que o Departamento de Lingua Galega non dispón de horario para levar a cabo clases de reforzo para alumnado coa materia pendente dos cursos 1º e 2º e 3º da ESO, o seguimento do alumnado con materia pendente realizarase pola profesora do curso actual. O alumnado deberá realizar as tarefas que se lle ofrecerán e deberán superar unha proba escrita en cada avaliación. A materia da que debe examinarse o alumno/a será a que figura na programación do curso anterior. En caso de que o alumnado non supere a materia por avaliacións terá dereito un exame final que se realizará no mes de maio.

No presente curso non hai alumnado coa materia pendente de 1º Bacharelato, que sería responsabilidade da Xefa de Departamento

## 10. AVALIACIÓN

### **LOMCE:**

*“A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora. A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.*

*A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.*

*O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas”.*

*“Criterios de avaliación: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.*

*Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo”.*

*A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque coas competencias claves. “*

A avaliación será un proceso integral que contemple unha dupla dimensión: análise do proceso de aprendizaxe do alumnado e análise do proceso de ensino e da práctica docente.

Todas as aprendizaxes han ser obxecto de avaliación tanto os conceptos, como os procedementos e as actitudes. No caso concreto de lingua galega, pode haber unha avaliación inicial para diagnosticar habilidades, actitudes, dificultades; unha avaliación formativa, que concede importancia á evolución do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos, e unha avaliación final ou sumativa que establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

É importante que o alumno/a participe no proceso de avaliación (autoavaliación) e que se lle xustifique o proceso e o resultado.

Para o profesor/a, terá unha función acreditadora pois debe constatar o grao de coñecementos acadados; permitirá a retroalimentación, ao facer reflexionar sobre o funcionamento das actividades que poden levar a redeseñar novas propostas, detectar necesidades no alumnado, sistematizar dificultades, detectar coñecementos de difícil asimilación. En definitiva ha de permitir a mellora da propia práctica docente.

### **Instrumentos e procedementos de avaliación**

Os procedementos de avaliación poden levarse a cabo mediante a observación do alumnado no seu contexto (a aula) ou mediante probas obxectivas (exames), que contribúen á avaliación formativa. Para concretar a avaliación os instrumentos que empregará o profesor/a poden ir desde o diario de clase, as escalas de estimación, os intercambios orais, as fichas de seguimento, as diferentes técnicas de observación, as listaxes de control, as escalas de valoración, o rexistro anecdótico, a autoavaliación, entrevistas orais, e por suposto, o propio exame.

**En consonancia coas novas didácticas nas que se prima a expresión oral e o uso correcto das linguas, terase en conta ademais dos coñecementos teóricos do programa, a expresión oral e a expresión escrita. Para isto vixiarase o uso da lingua galega na aula e valorarase a corrección e adecuación nas intervencións espontáneas do alumnado.** Asemade tamén se terá en conta neste apartado a actitude cara á materia. A expresión oral será avaliada de xeito diferente en cada curso dependendo da dispoñibilidade horaria e das particularidades de cada nivel. Nos cursos onde hai desdoblamento realizar probas horais resulta máis factible. No apartado correspondente a cada curso especificarase o procedemento de avaliación.



### **Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados**

O alumnado da ESO, a principio de curso terá que realizar unha proba escrita para diagnosticar as posibles dificultades de expresión e comprensión que poida presentar e para constatar os coñecementos e deficiencias. Esta medida tamén servirá para detectar as dificultades para a posta en práctica das medidas de reforzo que puidesen precisar. Esta proba basearase en contidos impartidos no curso anterior, polo cal tamén supón unha medida de repaso dos devanditos contidos.

Tamén se realizarán actividades para constatar o nivel do alumnado a nivel oral. Para estas probas crearanse actividades que “forcen” a expresión oral do alumnado: presentacións, exposicións orais, debates. Estas probas de avaliación diagnóstica non terán validez a efectos de cualificación.

Para esta avaliación inicial, ademais de probas escritas e orais tamén se terán en conta outros aspectos como a observación do traballo na aula, o caderno do alumno/a que reflicte ortografía, caligrafía, presentación, contidos, grao de comprensión e expresión, etc.

### **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO**

Coa finalidade de afianzar os contidos da programación nos diferentes cursos, os membros do Departamento de Lingua galega co visto e prace do consello escolar trazarán as actividades complementarias que considere axeitadas a cada curso; outras actividades (exposicións, charlas, etc.) iranse trazando ao longo do curso a medida que vaian sendo propostas desde os diferentes organismos. Tamén se realizarán actividades de cara a animación á lectura nos diferentes niveis, tal como figura no apartado correspondente ao PL.

Para todas as actividades complementarias, tanto visitas culturais, como exposicións, etc o profesor/a do grupo que realice a actividade realizará unha UD que será traballada na aula e poderá ser materia avaliable se o profesor/a a así o considera.

No presente curso o Departamento colabora coas visitas organizadas polo centro coas seguintes actividades:

*1º ESO. Visita a Santiago. Departamento: visita á casa- museo Rosalía de Castro en Padrón.*

*2º ESO. Visita a Pontevedra. Departamento: visita ao Museo Provincial.*

*3º ESO. Visita a Lugo. Departamento: visita ao castro de Viladonga*

*4º ESO. Visita a Ourense. Departamento: por determinar*

*1º BACH. Asistencia ao teatro*

*2º BACH. Visita á Real Academia Galega.*

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas tamén se organizan actividades relacionadas coa autora homenaxeada, M<sup>a</sup> Victoria Moreno, pero que, do mesmo xeito ca as anteriores, serán trazadas a medida que lle son ofertadas ao Departamento. Estas actividades tamén constituirán contido avaliable se o profesor/a así o considerase procedente.

## **12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, debe analizar todos os aspectos do proceso educativo e debe permitir a retroalimentación, isto é, debe fornecer información que permita reestruturar a actividade no seu conxunto. Por isto, as membros do Departamento levarán a cabo de xeito periódico durante a hora de reunión do Departamento unha posta en común do desenvolvemento do programa nos diferentes cursos e do funcionamento das actividades tanto da aula como das actividades programadas fóra da aula coa finalidade de ir subsanando as deficiencias que poida dar lugar o desenvolvemento da programación. Nesta análise do propio proceso terase en conta se se traballaron os contidos, se se afondou neles nun grao conveniente, cal é o grao de consecución dos obxectivos, que obxectivos non se cumpriron, e a razón deste incumprimento, etc. Tamén se avaliarán os métodos, a didáctica e os recursos materiais, o proceso de avaliación e formularanse as proposta de mellora. En definitiva, revisaranxe obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía... Trátase de que o proceso de ensinanza e aprendizaxe mellore.

## **13. OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN SECUNDARIA**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### **14. OBXECTIVOS CURRICULARES DO BACHARELATO**

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 15. A ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Esta materia, coma outras que desenvolven contidos lingüísticos, ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achega as ferramentas e os coñecementos necesarios para que se desenvolvan satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, esta materia lingüística persegue o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

Segundo se establece no currículo, a materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

- **Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar**
- **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir**

- **Bloque 3. Funcionamento da lingua**
- **Bloque 4. Lingua e sociedade**
- **Bloque 5. Educación literaria**

**O bloque 1, «Comunicación oral. escoitar e falar»**, atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

**O bloque 2, «Comunicación escrita. Ler e escribir»**, ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

**O bloque 3, «Funcionamento da lingua»**, integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

**O bloque 4, «Lingua e sociedade»**, céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

**O bloque 5, «Educación literaria»**, asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, neste currículo. A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

## **16. CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INDICADORES DE LOGRO**

Especificados nas correspondentes carpetas anexas de ESO e Bacharelato, segundo corresponda.

A Coruña, 27 de outubro de 2017




Cristina Loureiro



Paula García



Xulia Mira



Luísa Diéguez



